CURSO DE POSGRAO EN ESTUDOS AVANZADOS DA ARQUITECTURA POPULAR

Título propio da Universidade da Coruña, conxunto coa Universidade de Lisboa

2015-2016

1989
2014

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

LISBOA
UNIVERSIDADE DE LISBOA

ETSAC

FACULDADE DE ARQUITETURA

Fundación UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Data 7-7-2015

A Arquitectura Popular é unha compoñente esencial e definidora da cultura de calquera sociedade e un dos mais ricos elementos do seu acervo cultural e social e aínda tamén un valor económico. Por todo isto debe ser estudada e preservada.
A comprensión da cultura arquitectónica de raíz popular é esencial para a permanencia da historia, da memoria e das raíces das comunidades, constituíndo ao tempo a súa rehabilitación unha oportunidade para o desenvolvemento.
O seu estudo é hoxe un territorio privilexiado para aproximarse a solucións arquitectónicas coherentes e sustentábeis, testar novas prácticas arquitectónicas e explorar territorios pouco frecuentados polo exercicio profesional.
Neste contexto, apoiado na Escola de Arquitectura da Universidade da Coruña e na Faculdade de Arquitectura da Universidade de Lisboa, nace o posgrao en ESTUDOS AVANZADOS DA ARQUITECTURA POPULAR.
Unha oferta que se acrecenta coa achega da Cámara Municipal de Ponte da Barca, vila emblemática para os estudosos dese patrimonio.

DATOS TÉCNICOS
Calendario:
O curso realizase en Ponte da Barca, Portugal. Ao longo de dous períodos:
Primeiro cuadrimestre: 10 de Outubro 2015 ao 16 de Xaneiro de 2016 (12 sesións)
Segundo cuadrimestre: 5 de Marzo de 2016 ao 11 de Xuño de 2016 (12 sesións)
Horario: Sábados non festivos, das 10:00 ás 18.00 horas (hora de Portugal)
Modalidade: presencial
Número de asistentes: mínimo 15, máximo 25

INFORMACIÓN, PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULAS
A través do website: www.http://www.fundacion.udc.es/ver.asp?id=36&from=E
Fundación Universidade da Coruña (FUAC).
Paseo de Ronda, 47, 2º. 15011 A Coruña, España
Persoa de contacto:
Silvia Sánchez Varela
Tel: +34.981.167.000 Ext: 4458
E-mail: sisanchez@correo.udc.es

Importe da matrícula: 2.000 €, con posibilidade de fraccionar o pagamento
Preinscripción: 13 de xullo 2015 ao 14 de agosto 2015
Publicación do listado de admitidos: 7 de setembro 2015 ao 10 de setembro 2015
Período de matrícula: 11 de setembro 2015 ao 25 de setembro 2015

O Curso de Especialización en ESTUDOS AVANZADOS DA ARQUITECTURA POPULAR é un título propio da Universidade da Coruña, ofertado conxuntamente coa Faculdade de Arquitectura da Universidade de Lisboa. A Unidade Académica Responsable é a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.
A superación de tódalas materias e Workshops do Curso dará dereito á obtención dun titulo conxunto das Universidades da Coruña e da Faculdade de Arquitectura da Universidade de Lisboa denominado ESPECIALISTA UNIVERSITARIO EN ESTUDOS AVANZADOS DA ARQUITECTURA POPULAR.

PROGRAMA

O curso componse de dous períodos lectivos, cada un con seis unidades curriculares, nun total de 45 ECTS, de acordo con este programa:

Primeiro cuadrimestre
Arquitecturas populares, conceptos e expresións
Xeografía, territorio e arquitectura popular
Antropoloxía do espazo, paisaxe e símbolo
Tipoloxías e lóxicas formais da arquitectura popular
Metodoloxías de levantamento. Rehabilitación arquitectónica
WORKSHOP 1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DA ARQUITECTURA POPULAR
Segundo cuadrimestre
Materiais e sistemas construtivos tradicionais I e II
Proxecto, arquitectura tradicional e contemporaneidade
Arquitectura popular: entendementos e lecciónns no século. XX
Valor cultural da arquitectura e do territorio vernáculo
WORKSHOP 2. TÉCNICAS CONSTRUTIVAS TRADICIONAIS E REHABILITACIÓN

MATERIAS

ARQUITECTURAS POPULARES, CONCEPTOS E EXPRESIÓNS
Os conceptos: popular, tradicional, vernáculo, rexional, nacional. A arquitectura popular como expresión das condicións ambientais, da xeografía, dos materiais e dos modos de vida. As arquitecturas populares: vivenda, traballo, relixiosa, efémera. A investigación da arquitectura popular na perspectiva de diferentes áreas disciplinares. As influencias cruzadas: popular e erudito, tradicional e contemporáneo.

XEOGRAFIA, TERRITORIO E ARQUITETURA POPULAR
As grandes áreas xeográficas: Mediterránea, Atlántica, Terras Interiores e Serras. Variedade de paisaxes e das formas de apropiación do espazo. Exploración e organización económica do territorio. Estruturas de poboamento e morfoloxías urbanas vernáculas. As condiciones naturais do territorio, as determinantes xeográficas e ambientais da arquitectura: tipoloxías, funciones, deseños e modos de construír.

ANTROPOLOXÍA DO ESPAZO, PAISAXE E SÍMBOLO
Os instrumentos da construción territorial: delimitación, sinalización, sacralización. As concepcións abstractas do cosmos, a antropomorfización do cosmos. A orientación: as referencias terrestres e celestes, as referencias naturais e artificiais. Formas de vivenda, civilización material e cultura. A forma da casa, aspectos materiais, culturais e relixiosos. Os elementos do espazo existencial, os elementos do espazo arquitectónico. O ollar “arcaico” versus visión “moderna”.

TIPOLOXÍAS E LÓXICAS DE LEVANTAMENTO DA ARQUITECTURA POPULAR
Os principios compositivos, as regras e as proporcións das arquitecturas populares. Xenealoxía e articulación das tipoloxías arquitectónicas. O matriz xeográfico-cultural e a identidade espacial do construído. A tipoloxía e os mecanismos asociados á sedimentación da tipoloxía edificatoria no ámbito da arquitectura popular. Variantes e invariantes das construcións en pedra, en madeira e en terra da arquitectura popular.
Patróns compositivos e patróns construtivos. Aspectos compositivos na arquitectura popular, métricas e ritmos. Instrumentos teóricos e prácticos para a comprensión e a descrición da forma.

METODOLOXÍAS DE LEVANTAMENTO. REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA
Procesos de xestión da información pertinente ao proxecto. Metodoloxías de levantamento, rexistro de información, deseño e documentación. Sistemas de fotogrametría dixital e varrido láser e a súa aplicación ao deseño, xestión e control de información. Da cultura da conservación e do restauro ao imperativo da rehabilitación arquitectónica. A evolución dos conceptos patrimoniais e das teorías de conservación e rehabilitación: posibilidades e retos que se antepoñen á sociedade contemporánea na preservación do patrimonio urbano e arquitectónico. Estudos de boas prácticas e de casos de estudo de referencia nacional e internacional. Criterios contemporáneos de intervención e avaliación patrimonial.

WORKSHOP 1. METODOLOXÍAS DE LEVANTAMENTO
Análise morfolóxica arquitectura tradicional. Levantamentos morfolóxicos e análise arquitectónica de exemplos seleccionados de conxuntos arquitectónicos de raíz popular. Organización de seminario aberto e de exposición sobre os estudos realizados.

MATERIAIS E SISTEMAS CONSTRUCTIVOS TRADICIONAIS I
Construcións en terra e en pedra. Dos materiais en bruto aos elementos de construción. Propiedades físicas e químicas dos materiais. Detalles construtivos (fundacións, pavimentos, pisos, vanos, cubertas, encintados, etc). Principais tipos de acabado en paredes vista e recubertas. Comportamento ambiental - confort interior, pegada ecolóxica, etc. Principais anomalías construtivas e ambientais, medidas preventivas e curativas.

MATERIAIS E SISTEMAS CONSTRUTIVOS TRADICIONAIS II
Construcións en madeira. Dos materiais en bruto aos elementos de construción. Propiedades físicas e químicas dos materiais. Detalles construtivos (fundacións, pavimentos, pisos, vanos, cubertas, encintados, etc.). Principais tipos de acabamento en paredes á vista e revestidas. Comportamento ambiental – conforto interior, pegada ecolóxica, etc. Principais anomalías construtivas e ambientais, medidas preventivas e curativas.

VALOR CULTURAL DA ARQUITECTURA E DO TERRRITORIO VERNACULAR
Cultura, memoria, identidade e tradición. Cultura material e inmaterial na construción. Economía cultural, creativa e do coñecemento, contextos para a comprensión e construción de políticas, estratexias e prácticas de conservación do patrimonio cultural edificado. Recualificación e capitalización dos bens e servizos culturais. As economías locais e globais. Modelos de encadramento dos bens e servizos culturais, instrumentos e métricas de avaliación. Casos de estudo, contexto nacional e internacional.

PROXECTO, ARQUITECTURA TRADICIONAL E CONTEMPORANEIDADE
Transformacións materiais, sociais e culturais na contemporaneidade e os seus reflexos na arquitectura. Arquitectura popular e novas arquitecturas: da recuperación de valores tradicionais á seu rexeitamento. A preservación da memoria e da cultura arquitectónica. A adaptación de formas tradicionais a novos contextos culturais e materiais, a novos usos e novos patróns de actuación. Estudo e proxecto de situacións concretas. Proceso, proxecto e produto.

ARQUITECTURA POPULAR: ENTENDEMENTOS E LECCIÓNS NO SÉC.XX
Debates, vontades investigadoras e miradas que se verteron na práctica proxectual e construtiva na Iberia.
O Movemento da Casa Portuguesa, os escritos e os proxectos de Raúl Lino. A primeira xeración Modernista e nacionalismo do Estado Novo nas décadas de 1930 e 1940. Francisco Keil do Amaral e a nova Xeración Moderna. A Arquitectura Popular como expresión da verdade cultural. O Inquérito á Arquitectura Popular en Portugal, o debate e as vías abertas.
Actitudes contrapostas en España: o GATEPAC e Regiones Devastadas, ou a viraxe dende a racionalidade prebélica ao rexionalismo reconstrutor.
Galicia: da reivindicación etnocéntrica da Xerazón Nós á racionalidade secundaría ao SIAC. O impacto das políticas do goberno autónomo.
Crise financeira e urbanización no punto da situación na Iberia no inicio do século XXI .

WORKSHOP 2. TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS TRADICIONAIS E REHABILITACIÓN
Obradoiro de técnicas construtivas tradicionais, realizado coa colaboración de arquitectos, mestres canteiros e carpinteiros locais. Contacto con experiencias recentes de recuperación arquitectónica. Organización de seminario aberto sobre o tema.

PERSOAS

Destinatarios

Titulados pre Boloña ou Mestres pos Boloña nas áreas de Arquitectura, Urbanismo, Xeografía, Historia, Enxeñaría, Antropoloxía, Arqueoloxía ou outras áreas disciplinares afíns.

Admítense estudantes de grao, en disposición de titular durante o desenvolvemento deste posgrao.

Coordinación

Isabel Raposo; isaraposo52@gmail.com

Plácido Lizancos; posgrao.arquitectura.popular@udc.es

Manuel C. Teixeira; manuelcteixeira@gmail.com

Docentes

Profesionais da arquitectura e campos próximos, de Portugal e de Galicia, case todos vinculados á docencia universitaria e maioritariamente doutores:

Jorge Bastos
Manuel Caamaño
Jorg Cross Rivera
Carlos Carvalho Dias
Amparo Casares Gallego
José Manuel Fernandes
Luis Fontes
Cristina García Fontán
Catarina Gonçalves
Cristina Henriques
Pedro de Llano
Plácido Lizancos
Vitor Lopes dos Santos
Luis Mateus
António Meneres
Vitor Mestre
António Morais
Pedro Providência
Carlos Quintáns Eiras
Isabel Raposo
Antonio Río Vázquez
Xosé Manuel Rosales Noves
Manuel C. Teixeira
Santiago Tarrio
Michel Toussaint

CURRICULA DOS PROFESORES COORDINADORES

PLÁCIDO LIZANCOS MORA
Arquitecto pola Escola de Arquitectura da Coruña (1988). Doutor arquitecto cunha tese sobre a conformación da casa labrega na Galicia contemporánea (2000), recoñecida co Premio Extraordinario da Universidade da Coruña (2004). Especilaista en Arquitectura para o Desenvolvemento pola Universidad Politécnica de Madrid (2008).
É Profesor Titular de Universidade, con docencia en Análise Arquitectónica na Escola de Arquitectura da Coruña, onde imparte aulas dende 1993. Dende esta institución acometeu diversos proxectos de investigación sobre o hábitat humano, destacando os vastos catálogos de Núcleos Rurais de Asturias e o de Galicia, realizados para os seus Gobernos autónomos.
Traballa coas arquitecturas sen arquitectos ao fronte de proxectos e accións de diverso tipo de axentes como Arquitectura sen Fronteiras ou a Agencia Española de Cooperación al Desarrollo en lugares tan dispares como os campos de Galicia ou os suburbios de Maputo onde actualmente coordina coa Universidade Eduardo Mondlane unha acción de Aprendizaxe-Servizo da súa Faculdade de Arquitectura nos barrios informais da cidade até 2017.

MANUEL C. TEIXEIRA
Diplomado en Arquitectura pola Escola Superior de Belas Artes de Lisboa (1976).
Agregação em Arquitectura e Urbanismo polo ISCTE (Instituto Universitário de Lisboa) en 2002; Pós-Doutorado, pola Universidade Federal do Rio de Janeiro (1991); Equivalencia ao Grao de Doutor em História, Faculdade de Ciências Sociais e Humanas pola Universidade Nova de Lisboa (1990); Doctor of Philosophy, PhD, Architectural Association School of Architecture, London (1988) ; AA Hons Grad.Diploma, Architectural Association School of Architecture, London (1980).
Profesor da Universidade Técnica de Lisboa na Faculdade de Arquitectura (2008-2014); Prof. Catedrático, (2000-2001) Prof. Associado Convidado, 1990-2000 Prof. Auxiliar, 1988-1990 Prof. Auxiliar Convidado, 1986-1988 Assistente. Instituto Superior de Ciências do Trabalho e da Empresa: 2005-2008 Prof. Catedrático; 2003-2005 Prof. Catedrático Convidado; 1997-2003 Professor Associado Convidado. Universidade Lusíada, Departamento de Arquitectura: 1991-1997 Professor Associado Escola Superior de Belas Artes de Lisboa, Departamento de Arquitectura, 1983-1986 Assistente Convidado.
Actualmente é Profesor Catedrático Coordinador do Departamento de Arquitectura da ARCA-Escola Universitaria das Artes de Coimbra. Investigador do Centro de Investigación en Arquitectura, Urbanismo e Deseño da Facultade de Arquitectura da Universidade de Lisboa.
Coordinador de varios proxectos de investigación, ten publicado un vasto número de libros e artigos, promovido coloquios e exposicións nos ámbitos das morfoloxías urbanas das cidades de Portugal e da arquitectura popular dese país.

ISABEL ORTINS DE SIMÕES RAPOSO
Arquitecta pola Escola Superior de Belas artes de Lisboa (1976).
Doutora en Urbanisme et Aménagement pola Universidade de Paris XII (1999).
É actualmente professora associada na Faculdade de Arquitectura da Universidade de Lisboa. Traballou sete anos en Mozambique, entre 1979 e 1989, na Direcção Nacional de Habitação, despois Instituto Nacional de Planeamento Físico.
Ten varios libros e artigos publicados sobre transformación da vivenda popular, rehabilitación do patrimonio, urbanización do campo e asuntos peri-urbanos en Portugal, Mozambique e Angola. Desde 2007 é coordinadora do GESTUAL, Grupo de Estudos Socio-Territoriais e Urbanos e de Acção Local do CIAUD (Centro de Investigação em Arquitectura, Urbanismo e Design) da Faculdade de Arquitectura da Universidade de Lisboa e orienta varios mestrados e doutorandos sobre a transformación urbana e residencial principalmente en áreas suburbanas de Portugal, Mozambique, Angola e Brasil.
Foi coordenadora na Universidade Técnica de Lisboa do Master Erasmus Mundus en Estudos Urbanos e Regiões Mediterrênicas (EURMED).
Ten libros e capítulos de libros publicados así como artigos en revistas científicas internacionais e nacionais, como a recoñecidísima monografía “Maisons de Rêve au Portugal” do que é coautora xunto con Roselyne de Villanova e Carolina Leite.

X.L.S.